



ROGO SOBRE AS XESTIÓNS COA XUNTA DE GALICIA PARA A ILUMINACIÓN DUN PASO DE PEÓNS NA ESTRADA AC-543, Á ALTURA DA SILVOUTA

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai moito tempo, a veciñanza próxima á estrada autonómica AC-543, que conecta a rotonda de Brandía (Vidán) coa vila de Noia, preto da encrucillada da Silvouta, veñen reclamando unha mellor sinalización dun paso de peóns que se localiza exactamente no p.k. 2-050, á altura do número 15 da rúa de Muros.

Trátase dun lugar onde se rexistra unha elevada frecuencia peonil, ao situarse próximo a dúas paradas do autobús municipal, onde soben e baixan as persoas usuarias deste servizo.

Esta demanda foi posta en coñecemento da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) da Xunta de Galicia, como titular da mencionada estrada, a finais do pasado mandato, solicitándolle a adopción de medidas para facer máis visible e con iso máis seguro este paso peonil. A resposta da Xunta daquela, logo de aludir ás limitacións existentes e ao estudo das posibilidades de mellora da sinalización horizontal para lograr unha maior redución da velocidade, sinalaba que a sinalización vertical gañaría en visibilidade coa súa iluminación. Para iso, a AXI ofrecíase a encargarse da instalación desta iluminación sempre e cando o Concello de Santiago se encargara da conexión eléctrica e do seu mantemento posterior.

Como queira que a demanda da veciñanza segue a manterse –tal e como se lle ten trasladado a este Grupo Municipal- formulamos o seguinte Rogo:

Que por parte do corresponde órgano do Goberno municipal se inicien as xestións oportunas co Servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas na Coruña para que este órgano autonómico proceda á programación da iluminación do paso de peóns existente no p.k. 2-050 da estrada AC-534 Vidán-Noia, á altura do nº 15 da rúa de Muros, ofrecendo a colaboración do Concello para a conexión eléctrica e o mantemento posterior desta instalación.

Santiago de Compostela, a 10 de outubro de 2017

Claudio Montiel Carracedo
Concelleiro do Grupo Municipal Popular